



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 16 de xullo de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16 de xullo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09/07/2018, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2018/3152**

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Somoza Salgado solicitando melloras de sinalización no cruce de rúa Illa Ons e Pumariño, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se coloque sinalización vertical e horizontal de ceda o paso para os vehículos que circulan dende rúa Pumariño cara a Illa de Ons.

Dar conta á Policía Local e o responsable de sinalización (Mario Vázquez).

**PRP2018/3155**

Dáse conta do escrito de **D. José Luis Naveira Crespo**, solicitando permiso para instalar un remolque para venda de hamburguesas, pizzas, etc. na avda da Mariña, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que poderá solicitar permiso para a instalación unicamente, durante as festas de San Roque.

**PRP2018/3156**

Dar conta do Contrato donación ao Concello de Vilagarcía, do mural de D. Antón Rivas Briones 1972 "Alegoría de la Pesca, la Industria y la Agricultura" , donante Banco Santader, S.A., que se ubicará no Salón de Plenos. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda incluír o mural no Inventario Municipal.

**PRP2018/3157**



Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo guindastre (Nissan) matrícula 5171DLH, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe de 2.346,01€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3158**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DRÄGER SAFETY HISPANIA, S.A.**, para reparación do etilómetro evidencial ALCOTEST 7110 serie ARHF 0002, por un importe total de 761,19€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3159**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Martín Vázquez Blanco**, titular do establecemento denominado "BIANCO", situado na Rúa Xoan García nº 16-Avda. A Mariña, solicitando autorización para celebrar un concerto ao aire libre na terraza do establecemento, os días 27 de xullo e 2 de agosto, en horario de 21:00 a 23:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/3160**

Vistas solicitudes de MATY SC, entidade representada por D. JOSE CANDIDO CASCALLAR VAZQUEZ, HERMANAS MONDRAGON SC, entidade representada por DONA M<sup>a</sup> JOSE MONDRAGON CONDE e D. ESTEBAN REFOJO CAEIRO, titulares dos establecementos "CAFÉ MATY I", "CAFÉ MATY II" e "MALAFAMA", situados na PRAZA RAVELLA, 24-BAIXO, RUA ALCALDE REY DAVIÑA, 45-BX e PRAZA MARTIN GOMEZ ABAL, 5-BAIXO, respectivamente, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada**



**de veran**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

| Nº DE EXPTE. | ESTABLECEMENTO | TITULAR               | TIPO DE ACTIVIDADE | DE LUNS A MERCORES            | DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS |
|--------------|----------------|-----------------------|--------------------|-------------------------------|--|
| 12/18-AMP.   | CAFÉ MATY I    | MATY SC               | 2.7.2. CAFÉ-BAR    | Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs. | Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.                       |
| 13/18-AMP.   | CAFÉ MATY II   | HERMANAS MONDRAGON SC | 2.7.2. CAFÉ-BAR    | Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs. | Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.                       |
| 14/18-AMP.   | MALAFAMA       | ESTEBAN REFOJO CAEIRO | 2.7.2. CAFÉ-BAR    | Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs. | Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.                       |

#### **PRP2018/3162**

Dáse conta do escrito da Axencia Galega de Infraestruturas, comunicando que se someterá a información pública durante un mes o plan de acción contra a contaminación acústica xerada polas infraestruturas viarias. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/3164**

Vista a proposta do Enxeñeiro informático para aprobar o mantemento do Sistema de Almacenamento EMC VNX 5200 para o ano 2018-2019. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación á empresa Periféricos y Memorias España S.L., do servizo de mantemento Enhanced IPM Service para o sistema de almacenamento EMV VNX 5200 por un importe de 8.976,85€, con cargo á partida 9201-22706., para o período de 29 de xuño de 2018 ao 29 de xuño de 2019.

#### **PRP2018/3166**

Dáse conta do escrito presentado por Jose Carlos Marcos Alonso e/n **Instalacións Servizos Cobra, S.A.**, solicitando autorización para instalar mostradores publicitarios na praza de Galicia os días 17 de 18 de xullo.

Visto o informe da Policía Local acordase **conceder autorización**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/3167**

Dáse conta da resolución da Presidenta da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa Ría, de data 1 de xuño de 2018, pola que se nombran os membros do Consello de Navegación e porto da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa. Nombrando en representación do Concello a D. Alberto Varela Paz, tal e coma fora comunicado dende o Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/3168**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o contrato de mantemento dos servidores da plataforma hardware Cisco UCS e sistema Datadomain EMC coa empresa Ozona Consulting S.L. para o ano 2018-2019 dende marzo de 2018 ata marzo de 2019 por importe de 5.426,73€ (IVE engadido) e con cargo á partida 9201.22706.

#### **PRP2018/3169**

Visto o escrito de D. José Antonio Rodríguez Estepa e/n **Fotografía Bianca** solicitando autorización para instalar unha exposición de fotografías que leva a cabo polas festas de San Roque 2018.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- De cara ó tráfico informase de xeito favorable. Para a instalación o lugar máis axeitado é a rúa Méndez Núñez, onde se instala de forma habitual. Non é posible a súa instalación os días 15 de agosto por la tarde e o 16 ata as 18:00.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/3172**

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación INSERTA Empleo(ONCE), para o desenrolo de actividades que favorezan a integración laboral de persoas con discapacidade. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ao citado convenio.



#### **PRP2018/3174**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dieguez, S.L.** para o aluguer de pá e/ou camiión grua, por un importe total de 5.082,00€ (IVE incluído)(140,00€ hora), con cargo á partida 453-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3214**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **IDDUN Servicios Arousa, S.L.** para a impartición dun curso de formación para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, por un importe total de 1.290,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799 (Proxecto 3 nº 02/22/2016).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3215**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Promundi Gallaeciam, S.C.**, para subministro de vestiario e EPIs para o persoal da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, por un importe total de 2.805,17€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 3 nº 02/22/16)

#### **PRP2018/3216**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Vithas Lab** para servizo de análises da calidade da auga das praias o longo da tempada de baño(2 meses), por un importe total de 802,81€ (IVE incluído), con cargo á partida 4591-22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/3217**

Dáse conta do requirimento da Delegación de Economía e Facenda, Secretaría General Patrimonio de pago da cantidade restante do valor de taxación dos bens, para adquisición dun terreo de 65 m<sup>2</sup> situado no paseo marítimo da praia de Compostela(Balneario Praia



Compostela). A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o pago de 15.561,00€, abonándose cando se procede á sinatura do préstamo pendente de concertar por parte do Concello. Custe total do ben 16.830,00€.

#### **PRP2018/3218**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcións Obras e Viais, S.A. (COVSA)**, para o mantemento de estradas con bacheo en diversas zonas; Eiviño, Rubiáns, Castrogudín e Cea, por un importe total de 10.478,60€(IVE incluído), con cargo á partida 454-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 3 nº 02/22/16)

#### **PRP2018/3230**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dalonga, S.A.**, para reparación do vehículo de saneamento do servizo de obras matrícula 2348GHV, por un importe total de 861,68€ (IVE incluído), con cargo á partida 164-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 3 nº 02/22/16)

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

#### **PRP2018/3184**

Dáse conta da lista das solicitudes de dous anos presentadas fóra de prazo, da Escola Infantil Municipal para o curso 2018/2019, unha vez finalizado o período de matrícula dos admitidos e dado que quedan vinte prazas dispoñibles, de conformidade co informe da Traballadora Social.

A Xunta de Goberno Local acorda abrir un novo prazo de matrícula no Centro dende o 17 ao 27 de xullo.

#### **PRP2018/3185**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, dando conta da sinatura do Convenio con **Solidariedade Galega co Pobo Saharai** para o programa "Vacacións en Paz 2018", como subvención nominativa de carácter prepagable. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **Emprego**

#### **PRP2018/3190**



Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Mónica Rúa Carril** (Venda prendas de vestir polo miúdo).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/3191**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018, presentada por **Dona Alba Piñeiro García**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 500,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/3192**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, presentada por **Dona Débora García Pazos** (PERRUQUERÍA).

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.000,00€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2018/3193**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e de conformidade co informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, no que se indica que por parte da beneficiaria da subvención, **Dona M<sup>a</sup> Mercedes Vila Rodríguez**, se incumpre a obriga fundamental de realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, e no suposto de baixa con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello ata o último día do mes posterior a dita baixa.

A Xunta de Goberno Local acorda que pola Sra. Vila Rodríguez se realice o reintegro da cantidade percibida en concepto de axuda, en proporción ao tempo permanecido no exercicio da actividade, que no presente caso ascende a 336,99€, máis xuros de demora dende o momento do seu pagamento, coa seguinte desagregación:

|                   |            |
|-------------------|------------|
| Data alta IAE     | 01/10/2016 |
| Data baixa no IAE | 31/05/2018 |



|  |                             |
|--|-----------------------------|
| Tempo obrigatorio de permanencia na actividade. Base 3ª. Punto 3.2 | 2 anos (730 días)           |
| Tempo de permanencia efectiva no exercicio da actividade           | 607 días                    |
| Cantidade percibida en concepto de axuda                           | 2.000,00 €                  |
| <b>Cantidade a reintegrar</b>                                      | <b>336,99€ (mais xuros)</b> |
| <b>Xuros</b>   | <b>14,93€</b>               |

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, indicando como concepto a referencia do presente expediente, con apercibimento de que de non facer o ingreso no citado prazo procederá o inicio de expediente de reintegro de subvención, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (Exp. 2016-1114-21)

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

#### **PRP2018/3194**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o reintegro polo importe de 4.152,77€ correspondente a parte da subvención para realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se faga efectivo o reintegro polo importe citado mediante transferencia bancaria na conta do Tesouro da Xunta de Galicia.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

##### **PRP2018/3186**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** para o subministro de material bibliográfico con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 1.215,74€, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencia de lecturas municipais (código 2018-3-CRRTE-20) (partida 3321.22001).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/3187**

Dáse conta da presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia da solicitude de subvención a Escolas de Música públicas 2018. O importe solicitado para a Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa, ascende a 20.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

##### **PRP2018/3188**

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio relativo á recaudación do prezo público pola venda das entradas para os concertos do Festival Internacional de Música ClasClas no pazo da Golpelleira os días 3 e 5 de xullo de 2018:

Ingresos previstos: 4.600,00€

Ingresos finais: 3.560,00€

Gastos previstos: 4.840,00€





Gastos finais: 4.800,00€

Resultado: -1.240,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o incremento da aportación municipal por importe de 1.240,00€.

## ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### Xuventude

#### PRP2018/3198

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal para o exercicios 2018-2019 da Deputación Provincial de Pontevedra (líña 2), facendo constar:

#### PRIMEIRO:

Que se realizou a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, o xustificantes correspondentes.

#### SEGUNDO:

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

| Nº Fra. | Data       | proveedor                    | cif       | Concepto   | importe     | data de pagamento |
|---------|------------|------------------------------|-----------|--|-------------|-------------------|
| 18/229  | 17/06/2018 | URDIME S. COOPERATIVA GALEGA | F70353982 | Dirección, produción e contratación artística FESTIVAL DO ESTÍO CON APEGO 2018 | 16.822,99 € |                   |

O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

| <b>ENTIDADE CONCEDENTE</b> | <b>CANTIDADE SOLICITADA</b> | <b>CANTIDADE CONCEDIDA</b> |
|----------------------------|-----------------------------|----------------------------|
|                            |                             |                            |

NINGUNHA OUTRA AXUDA

#### CUARTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

#### QUINTO

Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da correspondente cartelería.

#### PRP2018/3199

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Oftefor Oficina Técnica Forestal** o desenvolvemento do Campamento Urbano Medioambiental – Aula de Natureza, destinada a mozos e mozas de 8 A 11 anos e que se levará a cabo do 27 de xullo ao 31 de agosto de 2018, por un importe total de 1.701,70€ (IVE engadido), con cargo á partida 2314.22624.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2018/3212**

Dáse conta da resolución da directora de Turismo de Galicia concedendo subvención para actuacións de mellora da infraestruturas turísticas concedendo ó Concello a seguinte subvención:

| Concepto   | Orzamento subvencionable | Puntuación | Porcentaxe | Subvención proposta |
|--|--------------------------|------------|------------|---------------------|
| Colocación de cartelería para posta en valor dos cruceiros de Vilagarcía de Arousa | 16.918,83€               | 46         | 65%        | 10.997,24€          |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2018/3196**

Dáse conta do escrito presentado por D. José A. González Boullosa como administrado de Revenidas S.C. sinalando que con motivo da 15 edición do festival gastronómico-cultural de Revenidas 2018 os días 17, 18 e 19 de agosto, solicita permiso para:

- Facer lume nos espazos dos anos anteriores para a sardiñada popular.
- Instalación da feira Revenidas nos espazos de anos anteriores.
- Música na praia.
- Resto de actividades.

A Xunta de goberno préstalle a súa aprobación, facendo constar que deberán así mesmo solicitar autorización a Portos de Galicia e Xefatura Provincial de Costas, e presentar no Concello as correspondentes pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil.

#### **PRP2018/3197**

Dáse conta do escrito de Augas de Galicia remitindo o acordo de iniciación de Expediente Sancionador en materia de desatención a un requirimento da Administración Hidráulica, por un verquido na praia de Bamio. A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do seguinte informe do Encargado de Mantemento do Concello:

Que o expediente sancionador nº DH.D36.61935 non é real polos feitos que se explican no mesmo. No primeiro informe no que se dí que na canalización dun regato de augas pluviais hai unha obstrución que alaga a EBAR de augas naturais, polo que se procede rapidamente a paralizar a EBAR, xa que as bombas non están calculadas para semellante caudal. Mentres se fabrica un tapón para o alivadoiro da devandita EBAR e unha vez realizado o mesmo, ponse en marcha o devandito bombeo independentemente dos problemas que hai no regato antes da vía do tren e despois deste que vai canalizado por un emisario, que NON é competencia municipal. Polo que a única deficiencia que tivo que resolver o Concello foi motivada á entrada de augas naturais e quedou resolta de inmediato.

Polo exposto solicítase o arquivo do mencionado expediente sancionador por atoparse resolto o incidente.



## ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

### Sanidade

#### PRP2018/3195

Vista a proposta da Directora do SPAD para aprobar o contrato menor coa empresa de Seguridade Eulen, S.A., polo período comprendido dende setembro a decembro. A Xunta de Goberno acorda aprobar o contrato coa empresa Eulen, S.A. por importe de 11.156,20€, con cargo á partida 2311-22701, para prestar servizo no SPAD, os meses de setembro a decembro (2018) ambos inclusive.

## ASUNTOS DE CULTURA

#### PRP2018/3200

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Golpelleira, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                             | Importe    | Provedor                        |
|--------------------------------------|------------|---------------------------------|
| Cateríng                             | 1.228,35 € | Francisco Javier Potel Saborido |
| Actividade infantil o día 07-10-2018 | 542,00€    | Vázquez S.C.                    |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2018/3201

Vista a solicitude de D. Manuel Rey Fresco, en representación da **Comisión de Festas de Faxilde**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de Santa Mariña en Faxilde:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, o día 20 de xullo de 2018, por un importe de 225,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### PRP2018/3202

Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar o gasto, da celebración do II Festival Folk no Alobre o día 26 de agosto no Castro Alobre, a Xunta Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Asociación Pesdebarro** para a súa realización, por importe de 10.764,00€ con cargo á partida 334-22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### PRP2018/3203

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Roque, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                                     | Importe | Provedor                |
|--|---------|-------------------------|
| Espello 5 MM C/P de 215x190 mm               | 239,58€ | Guillermo Eirea Barcala |
| Monitor para curso de ximnasia de mantemento | 607,50€ | Isabel Naveiro Castro   |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2018/3204

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Rubiáns, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                           | Importe | Provedor               |
|------------------------------------|---------|------------------------|
| Micro Shure PGA58 PIE MICRO KELLER | 187,99€ | Carlos Galbán Zaragoza |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2018/3205

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Breogán, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                           | Importe   | Provedor                   |
|------------------------------------|-----------|----------------------------|
| Material de limpeza                | 336,03€   | Distribuciones Froiz, S.A. |
| Miroondas Obergozo                 | 59,95€    | Distribuciones Froiz, S.A. |
| Excursión cultural a Ribeira Sacra | 1.300,00€ | Tamara Molares Otero       |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2018/3206

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Trabanca Sardiñeira, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                                | Importe   | Provedor                         |
|---|-----------|----------------------------------|
| Limpeza e mantemento do Centro Cultural | 1.800,00€ | AA.MM.RR. de Trabanca Sardiñeira |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2018/3210



Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Cultural Malveiras, con cargo á partida 334.22703:

| Concepto                           | Importe   | Provedor               |
|------------------------------------|-----------|------------------------|
| Curso de axilidade mental          | 423,53€   | Julia Martinez Nieto   |
| Curso de Baile Tradicional         | 380,00€   | CBD Velai-Baila        |
| Curso de Música tradicional Galega | 1.058,80€ | Manuel González Cruces |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

### PRP2018/3207

Vista a proposta da Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Mellora do firme do Polígono Industrial de Trabanca Badiña”, redactado polo enxeñeiro técnico D. Oscar Alvarez González, cun orzamento (IVE incluído) de 85.692,28€.

### PRP2018/3208

Solicitada autorización á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, Axencia Galega de Infraestruturas para a actuación e Reparación da rede de saneamento para o proxecto denominado “Reposición de Beiravia PO549 P.K. 0.380 M.I.”, co obxecto de reparar unha avaría na rede de saneamento, ésta foi concedida en data 27-02-2017.

Tramitado expediente de contratación mediante contrato menor, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, presentouse unha única oferta:

| LICITADOR   | Oferta IVE excluído |
|---|---------------------|
| Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L. | 2.272,73€           |

A clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

| LICITADOR   | Oferta IVE excluído | Puntos |
|---|---------------------|--------|
| Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L. | 2.272,73€           | 100    |

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1- Adxudicar o contrato de obras denominado “Reposición de Beiravia PO549 P.K. 0.380 M.I.” á empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., por un importe de 2.272,73€(ive excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 477,27€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 2.750,00€
- 2- Nomear director de obra ao redactor do proxecto D. Oscar Alvarez González.

### PRP2018/3213

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio entre **Construcciones Hnos Padín García, S.L.** e o Concello de Vilagarcía para ceder o uso gratuito da parcela situada na rúa Aquilino Iglesia Alvariño nº27 , para aparcamento gratuito. Sendo responsabilidade do Concello a limpeza e mantemento da citada parcela.

## ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2018/3232



Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, polo importe de 150.000,00€, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2018, con cargo á partida 341.410.

#### **PRP2018/3233**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Equipos de Señalización y Control, S.A.**, polo importe de 17.950,46€, da factura 218-0266 (Rex. 18/4975), correspondente ó subministro e instalación de dúas unidades semafóricas no Salgueiral-Bamio (obra (2) nº 01/32/2017), con cargo á partida orzamentaria 132-62500.

#### **PRP2018/3234**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Integraldata Security, S.A.**, polo importe de 253,00€, da factura nº Emit-129 (REX. 18/4831), polo aluguer e recollida de documentación para destrución e reciclado correspondente ao mes de xuño 2018, con cargo ás seguintes partidas:

| <b>Partida</b> | <b>Importe</b> |
|----------------|----------------|
| 132-22799      | 11,00€         |
| 231-22799      | 11,00€         |
| 2311-22799     | 11,00€         |
| 2312-22799     | 11,00€         |
| 920-22799      | 60,50€         |
| 150-22799      | 38,50€         |
| 931-22799      | 38,50€         |
| 334-22799      | 11,00€         |
| 3261-22799     | 11,00€         |
| 165-22799      | 11,00€         |
| 3262-22799     | 38,50€         |
| Total          | 253,00€        |

#### **PRP2018/3235**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **D. Antonio Capelo García (COENEF)**, polo importe de 5.187,88€, da factura 10456/30 (Rex. 18/4808), correspondente ó estudio de renovación completa do alumado de Vilagarcía de Arousa : Parte 2 de 2, con cargo á partida orzamentaria 920-22799. Acórdase así mesmo ampliar o acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2018 en 0.01€.

#### **PRP2018/3236**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó pago á sociedade general de autores e editores, polos concertos realizados dentro do ciclo denominado "Agora vermu".

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Sociedad General de Autores y Editores** polo importe de 927,18€ (IVE incluído), da factura Nº 1180337530 (REX. 18/4858), con cargo á partida orzamentaria 334-22609.



**PRP2018/3237**

Acórdase o recoñecemento de obrigación da FRA. Emit- 13 (Rex. 2018/4072) de **Dalle Que Dalle Sociedade Cooperativa Galega**, polo desenvolvemento do proxecto de aceleradora de negocios emprende VGA 2018, por importe de 6.449,30euros e con cargo á aplicación orzamentaria 241-22799.

**PRP2018/3238**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Lumieira, Rehabilitación y Renovación Urbana SL**, polo importe de 7.643,17 €, da factura nº 2018 03 (Rex. 18/3088), correspondente a consultoría e asistencia técnica para a prestación de servizos dun equipo multidisciplinar na Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao mes de marzo de 2018, con cargo á partida orzamentaria 1522.22719.

**PRP2018/3239**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Lumieira, Rehabilitación y Renovación Urbana SL**, polo importe de 7.643,17 €, da factura nº 2018 04 (Rex. 18/3834), correspondente a consultoría e asistencia técnica para a prestación de servizos dun equipo multidisciplinar na Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao mes de abril de 2018, con cargo á partida orzamentaria 1522.22719.

**PRP2018/3240**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Lumieira, Rehabilitación y Renovación Urbana SL**, polo importe de 7.643,17 €, da factura nº 2018 05 (Rex. 18/4812), correspondente a consultoría e asistencia técnica para a prestación de servizos dun equipo multidisciplinar na Oficina Técnica Municipal de Rehabilitación Urbana do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondente ao mes de maio de 2018, con cargo á partida orzamentaria 1522.22719.

**PRP2018/3241**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 1.878,67€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/80):

| Nº Registro Factura | Aplicación      | Importe  | Nombre Ter.                          | Texto Libre  |
|---------------------|-----------------|----------|--------------------------------------|--|
| F/2018/483<br>3     | 2018<br>338 225 | 1.443,07 | AUTORIDAD PORTUARIA<br>DE VILAGARCIA | TAXA OCUPACION INSTALACION<br>E EXPLOTACION ATRACCIONS DE<br>FEIRA FESTAS SANTA RITA DO 17<br>AO 28 DE MAIO. FESTAS<br>POPULARES E F |
| F/2018/483          | 2018            | 435,60   | AUTORIDAD PORTUARIA                  | TAXA ACTIVIDADE INSTALACION E  |



|              |         |                 |               |  |
|--------------|---------|-----------------|---------------|--|
| 4            | 338 225 |                 | DE VILAGARCIA | EXPLOTACION DE ATRACCIONS DE FEIRA DURANTE AS FESTAS DE SANTA RITA DO 17 AO 28 DE MAIO. FE |
| <b>TOTAL</b> |         | <b>1.878,67</b> |               |  |

#### **PRP2018/3242**

Dáse conta do informe de Intervención, en relación á prescrición dos xustificantes de gasto que se detallan:

| NIF       | NOMBRE O RAZON SOCIAL         | Nº RECIBO/COTA   | Nº REXISTRO | IMPORTE   |
|-----------|-------------------------------|------------------|-------------|-----------|
| G15629629 | FONDO GALEGO COOP. E SOLIDAR. | 86/2012          | 18/1884     | 2.271,34  |
| P3600041B | MANCOMUNIDADE DO SALNES       | LIQUIDACION 2012 | 18/3530     | 11.016,39 |

A Xunta de Goberno Local acorda denegar o pago ó Fondo Galego de Cooperación, e autorizar o pago á Mancomunidade do Salnés ano 2012(liquidación), debendo aprobarse no pleno un expediente de créditos recoñecidos.

#### **PRP2018/3247**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó asesoramento técnico para execución dos apoios en cimentación, recalculo da estrutura baixo as novas condicións e visitas á obra de comprobación armados e encontros Escola Infantil Vilaxoan.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Fernando Puceiro Bouzas** polo importe de 998,25€ (IVE incluído), da factura Nº 28/18 (REX. 18/4837), con cargo á partida orzamentaria 150-640 Obra (2) nº01/44/2016.

#### **PRP2018/3248**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Gas Natural Servicios SDG, S.A.**, polo importe de 274,00€, da factura nºFE18321267147749 (Rex. 18/5130), correspondente ó consumo de enerxía eléctrica durante o mes de maio (obra (2) nº 01/32/2017), con cargo ás partidas orzamentarias 2412-22199 e 135-22100(50% cada unha).

#### **PRP2018/3249**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **María Dolores Santos Boveda**, polo importe de 1.960,20€, da factura nº F0001 (Rex. 18/5438), correspondente ás 9 sesións de contacontos realizadas, con cargo á partida orzamentaria 3321-22609. Acórdase así mesmo o reintegro do importe sobranste 19,80€, á partida correspondente.





## ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

### Rendas

#### PRP2018/3151

Dase conta que pola empresa concesionaria do servizo de subministración de auga e depuración de augas residuais, ESPINA & DELFIN, S.L solicítase por escrito de data 5 de xullo de 2018 a aprobación dos padróns das taxas de Subministración de Auga Potable a domicilio e da taxa de Depuración de Augas Residuais, así como dos importes de Canon de Saneamento e do Coeficiente de Vertedura correspondentes ó 2º Trimestre de 2018 , cos seguintes datos. O prazo voluntario de pago vai dende o 1 de agosto ó 1 de outubro de 2018. Os recibos domiciliados cargaranse o 3 de agosto.

\* **Padrón da Taxa de Subministración de Auga Potable:**

|                                     |            |   |
|-------------------------------------|------------|---|
| - Número total de abonados          | 19.107     |   |
| - Importe total da subministración  | 389.537,11 | € |
| - Importe do ive da subministración | 39.020,56  | € |
| - Cuota sobre mantemento            | 10.206,95  | € |
| - Importe do ive do mantemento      | 2.080,14   | € |

Total padrón Taxa Subministración Auga Potable 440.844,76 € A

\* **Padrón da Taxa de Depuración das Augas Residuais:**

|                                |            |   |
|--------------------------------|------------|---|
| - Número total de abonados     | 23.342     |   |
| - Importe total da depuración  | 233.828,52 | € |
| - Importe do ive da depuración | 23.367,63  | € |

Total padrón Taxa de Depuración Augas Residuais 257.196,15 € B

\* **Importe Canon- Xunta de Galicia** 172.976,64 € C

\* **Importe Coeficiente Vertedura- Xunta de Galicia** 237,46 € D

Neto -22,74  
ive -2,28

**Regularización importes outros exercicios** -25,02 € E

|                     |                   |          |                  |
|---------------------|-------------------|----------|------------------|
| <b>TOTAL PADRÓN</b> | <b>871.229,99</b> | <b>€</b> | <b>A+B+C+D+E</b> |
|---------------------|-------------------|----------|------------------|

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os padróns fiscais da taxa de subministro de auga potable e depuración de augas residuais, así como os importes de canon de saneamento e coeficiente de vertedura correspondente ao 2º Trimestre de 2018.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.